

**ASUNTO: DESESTIMACIÓN RECURSO DE ALZADA CONTRA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO SELECTIVO DUN AXENTE DE POLICIA LOCAL ( OEP 2018) INTERPOSTO POR DONA OLGA VALCARCEL FERNANDEZ.**

Vista a acta do tribunal cualificador de data 24 de xaneiro de 2019 e a dilixencia da secretaria do tribunal de data 29 de xaneiro do 2019 na que se indica que non constan presentadas alegacións relacionadas co recurso de dona Olga Valcarcel Fernández.

**RESOLVO**

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por dona Olga Valcarcel Fernández contra a resolución da alcaldía de data 13/12/2018 pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo dun axente de policía local (OEP 2018), polos motivos expostos na mencionada acta, cuxo tenro literal se transcribe a continuación:

*"(...)O recurso que nos ocupa basease nas alegacións de dona Olga:*

- .- Nulidade do acto por terse ditado, sempre conforme á versión da recorrente, prescindindo do procedemento legalmente establecido e sen respectar as normas de formación da vontade do órganos colexiados.*
- .- Parece existir unha confusa solicitude de suspensión do procedemento.*
- .- Por último, a recorrente alega que a deficiente redacción do certificado médico que motivou a súa exclusión se debe a que á facultativa non atendeu ás súas indicacións para redactalo.*

*Para resolver esta cuestión debemos ter en conta que a solicitude de participación no proceso selectivo da agora recorrente acompañaba certificado médico que o tribunal considerou "non se refire de xeito expreso a probas físicas para acceso de policía local en Galicia"*

*O 16/10/2018 procedeuse a publicar a lista provisional.*

*Indicando que dona Olga, a agora recorrente se atopaba excluída provisionalmente pola causa Nº 5, e dicir, certificado médico que non se refire de xeito expreso a probas físicas para acceso de policía local en Galicia.*

*En dita resolución inseriuse a seguinte aclaración :*

*Para facilitar a subsanación das deficiencias atopadas o tribunal desexa aclarar:*

*respecto da causa nº 5 (Certificado médico que non se refire de xeito expreso a probas físicas para acceso de policía local en Galicia) que os certificados médicos presentados para subsanar esta deficiencia deben axustarse o seguinte modelo:*

*" que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición ( Policía Local Concello de Monforte BOP Lugo 10/08/2018) , o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico. Ou en todo caso permitir coñecer ó tribunal que o facultativo que o emite coñece que o certificado se refire a realización de probas para o acceso a escala básica de policía local coa normativa na nosa comunidade autónoma.*

*O 26/10/2018 con RE 17168 a interesada aporta novo certificado médico, que examinado polo tribunal tampouco se refire de xeito expreso a probas físicas para acceso de policía local en Galicia.*

*O 13/12/2018 procedese a publicar a lista definitiva de admitidos e excluídos indicando ó respecto da recorrente:*

<i>VALCARCEL FERNANDEZ MARIA OLGA</i>	<i>Presenta subsanación pero o certificado médico non cumpre o requirido</i>
---------------------------------------	--

*O 14/01/2019 ten entrada o recurso que nos ocupa.*





*Segundo.- Examinado o anterior o tribunal acorda por unanimidade, propoñer á alcaldía desestimar o recurso de alzada que nos ocupa, pois examinado todo o anterior resulta:*

*O acto impugnado, a resolución da alcaldía que aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo, non incorre en ningunha causa de nulidade, salientando que a recorrente á alega en aplicación da anterior lei 30/92 e non pola lexislación vixente.*

*Dita resolución basease no certificado dos acordos do tribunal alcanzados en sesión de 8 de xaneiro , a cal cumpriu todos os requisitos para a formación da vontade de dito órgano colexiado.*

*E tamén a resolución da alcaldía cumpriu con todos os tramites procedimentais que esta esixe.*

*Aínda que non se pode dicir con rotundidade, pois a redacción do recurso que nos ocupa é, polo menos “confusa” parece que a recorrente solicita a suspensión do procedemento ata a resolución deste recurso.*

*Non se pode acoller a súa pretensión pois o único motivo que podería fundamentar a mencionada suspensión do procedemento sería a posible causación á recorrente ou outros aspirantes de prexuízos de difícil ou imposible reparación, pola non suspensión. Pero este caso non se produce nesta ocasión, pois o tribunal acordou unha nova data para realizar o exame test que permite resolver este recurso con anterioridade á mesma, e así se fará unha vez se garante o transcurso do prazo de audiencia con respecto ó recurso co que contan os demais interesados.*

*A maior abastanza compre dicir que a solicitude de suspensión non aparece debidamente fundamentada no recurso que nos ocupa.*

*Por ultimo a recorrente alega que a deficiente redacción do certificado médico que motivou a súa exclusión ( o presentado en data 26/10/2018) se debe a que á facultativa non atendeu ás súas indicacións para redactalo.*

*O respecto so compre dicir que o tribunal unicamente se pode limitar a examinar o certificado aportado, que novamente non cumpría o esixido. O tribunal non pode ter en conta o que alega a recorrente pois carece de proba o respecto e, en todo caso, non cambia o feito de que o certificado non se axusta ó esixido, pois este non permite coñecer ó tribunal que o facultativo que o emite coñece que o certificado se refire a realización de probas para o acceso a escala básica de policía local coa normativa na nosa comunidade autónoma.(...)”*

**SEGUNDO.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello informando ós interesados de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde

Ordena e asina o Sr. Alcalde

Certifica e asina o Sr. Secretario

